



**NOTA INFORMATIVA**

**NOVO DECRETO 115/2017**

**COOPERACIÓN DA ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA COS  
CONCELLOS NA SELECCIÓN DOS MEMBROS DOS CORPOS DE POLICÍA LOCAL, VIXILANTES  
MUNICIPAIS E AUXILIARES DE POLICÍA LOCAL.**

**\*Nota: A presente nota ten carácter meramente informativa de carácter xeral, debendo en todo caso estarse ao disposto na normativa vixente.**

**A.- NORMATIVA: DECRETO 115/2017, DO 17 DE NOVEMBRO** polo que se regula a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos na selección dos membros dos corpos de policía local, vixilantes municipais e auxiliares de policía local, **publicado no DOG do 22/11/2017.**

**B.- INFORMACIÓN XENAL DO NOVO DECRETO:**

**1.- O artigo 2 regula a COOPERACIÓN MEDIANTE A ASUNCIÓN DA CONVOCATORIA DAS PRAZAS VACANTES:**

COOPERACIÓN CONCELLO – AGASP (XUNTA DE GALICIA) mediante a formalización do **CONVENIO DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS.**

**2.- ¿CÓMO SE REALIZA A DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS?.**

- **Asinando o convenio**
- **Previamente é necesario **acordo do pleno do Concello** (Ver **Expoñendo III do convenio**)**

- Artigo 22.1.p) en relación co 47.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril [municipios de réxime común]/123.1.j da Lei 7/1985, do 2 de abril [municipios de gran poboación]

- o Concello de ... delega na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia as competencias relativas á convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso ás diferentes categorías de seu corpo de Policía local e as prazas de auxiliares de policía local e as de vixilantes municipais, por todo o tempo de vixencia do presente convenio.

**3.- ¿QUÉ SE DELEGA?.**

A convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para:

- Categorias do corpo de policía local
- Auxiliares de policía local, no seu caso.



- Vixilantes municipais, no seu caso.

\*Para o ano 2018 farase efectiva para o acceso, mediante o sistema de **quenda libre**, á categoría de policía e aos postos de vixilantes municipais e auxiliares de policía local, e a partires de 2019 para o acceso ás demais categorías.

#### **4.- ¿QUÉ PRAZO TEN DE VIXENCIA O CONVENIO?.**

Artigo 2.3 c) O prazo de vixencia do convenio será de catro anos, prorrogable por igual período de tempo.

#### **5.- ¿QUÉ TEN QUE FACER O CONCELLO UNHA VEZ ASINADO O CONVENIO OU SIMULTÁNEAMENTE COA SINATURA?.**

- Artigo 2.3.d) **COMUNICAR AS PRAZAS A CONVOCAR** tanto de Policía, como no seu caso de Auxiliares ou de Vixiantes Municipais.
- Debe **ACHEGAR CUBERTOS** os **ANEXOS I e II**

#### **ANEXO I**

##### **MODELOS DE COMUNICACIÓN DE PRAZAS A CONVOCAR**

1. Modelo de comunicación de prazas a convocar das distintas categorías dos corpos de Policía local
2. Modelo de comunicación de prazas a convocar de auxiliares de policía local
3. Modelo de comunicación de prazas a convocar de vixilantes municipais

#### **ANEXO II**

##### **MODELO DE CERTIFICACIÓN DA SECRETARÍA DO CONCELLO**

#### **6.- ¿QUÉ TRÁMITES INTERNOS TEN QUE FACER CADA CONCELLO PARA ASINAR O CONVENIO E PARA COMUNICAR DE XEITO POSTERIOR OU SIMULTÁNEO AS PRAZAS A CONVOCAR?.**

##### **a.- PARA SINATURA DO CONVENIO:**

- Como se comentou no punto 2, é necesario previamente á sinatura do convenio a aprobación polo pleno do concellos da delegación de competencias.

##### **b.- PARA COMUNICAR AS PRAZAS A CONVOCAR DE XEITO SIMULTÁNEO OU POSTERIOR:**

- Dependerá de cada Concello o cumprimento dos seus trámites legais, se fora o caso a aprobación da súa oferta pública de emprego, etc.
- Asinar e cubrir os ANEXOS I e II



**7.- ¿QUÉ PRAZOS EXISTEN PARA ASINAR O CONVENIO E PARA COMUNICAR AS PRAZAS A CONVOCAR?.**

- O convenio pode asinarse en calquera momento unha vez aprobado polo pleno do concello a delegación de competencias.
- No suposto de que o Concello nese momento teña os seus trámites internos oportunos realizados, asemade nese mesmo momento, pode comunicar as prazas a convocar CUBRINDO OS ANEXOS I e II, OU BEN PODE FACELO NUN MOMENTO POSTERIOR, en todo caso respectando os límites temporais que se sinalan a continuación.
- Na súa consecuencia, o convenio pode asinarse unha vez aprobado polo pleno a delegación de competencias, e posteriormente comunicar as prazas a convocar (dentro dos prazos establecidos).
- Tamén é posible asinar o convenio e neste ano 2018 non ter prazas a convocar e facelo en anos posteriores de vixencia do convenio.
- **RECOMÉNDASE A SINATURA DO CONVENIO O ANTES POSIBLE XA QUE LOGO, BEN SIMULTANEAMENTE OU BEN ANTES DO PRAZO QUE SE INDICA DEBE ACHEGAR A COMUNICACIÓN DAS PRAZAS A CONVOCAR COS TRÁMITES INTERNOS PREVIOS QUE FORAN PRECISOS EN CADA CONCELLO**, como por exemplo no seu caso a aprobación da oferta pública de emprego ou outros varios trámites.
- EN TODO CASO, a A **COMUNICACIÓN DAS PRAZAS A CONVOCAR**, TEN OS SEGUINTES **LÍMITES TEMPORAIS**:

	<b>Quenda libre Categoría de policía local e vixiante municipal</b>	<b>Auxiliar policía local</b>
<b>2018</b>	Ata finais marzo 2018	Ata finais febreiro 2018
<b>A partir de 2019</b>	Ata finais xaneiro de cada ano natural	Ata finais decembro de cada ano natural

\* A partir do ano 2019 farase efectiva para o acceso ás demais categorías dos corpos de policía local, de acordo coa periodización que se estableza por orde da persoa titular da consellería competente en materia de seguridade, sendo os prazos os sinalados para a partires de 2019.

**8.- UNHA VEZ ASINADO O CONVENIO TIPO ¿É NECESARIO FACER UNHA NOVA DELEGACIÓN PARA SUPOSTOS APLICABLES A PARTIRES DE 2019, COMO O CONCURSO, PROMOCIÓN INTERNA ETC.?.**

Con carácter xeral non será necesario salvo que o concello realice reservas na delegación, xa que logo o convenio prevé dita situación na súa cláusula primeira, apartado terceiro.

En todo caso deberá cumprir cos prazos de comunicación das prazas a convocar.



**9.- ¿TEN ALGÚN CUSTO PARA O CONCELLO A REALIZACIÓN DOS PROCESOS SELECTIVOS POLA AGASP?.**

Non ten ningún custo e a Xunta de Galicia recadará os ingresos derivados das taxas por matrícula.

**\*MOI IMPORTANTE (NOVIDADE CON RESPECTO AO ANTERIOR SISTEMA VIXENTE:**

**10.- ¿CANDO O CONCELLO NON ASINE O CONVENIO, NON COMUNIQUE AS PRAZAS , É NECESARIO FACER ALGUNHA RESERVA PARA OS CURSOS SELECTIVOS?**

SI

A Reserva de praza cursos selectivos no suposto de NON efectuar a Delegación de competencias e non asinar o convenio, non comunicar en prazo as prazas/postos a convocar e realizar directamente o concello a selección ou para procesos en marcha, é necesario facer a reserva para os cursos selectivos, cos seguintes prazos:

	Todas as categorías policía e vixiante municipal	auxiliar policía local
2018	Febreiro 2018	Marzo 2018
A partir de 2019	Febreiro de cada ano natural	Marzo de cada ano natural

**11.- UNHA VEZ REALIZADO O PRIMEIRO PROCESO SELECTIVO UNITARIO DE AUXILIARES DE POLICÍA LOCAL, EXISTIRÁ UNHA LISTA DE RESERVAS PARA A SÚA CONTRATACIÓN PARA SUPOSTOS LEGAIS POR CIRCUNSTANCIAS SOBREVIDAS?.**

SI, para os supostos legais.

**12.- UN CONCELLO QUE NON TEÑA CONVENIO ASINADO ¿PODE SOLICITAR A AGASP A DESIGNACIÓN DUN AUXILIAR PARA O SEU CONCELLO DE DITA LISTA?.**

NON

**C.- OUTRA INFORMACIÓN:**

**13.- PARA A SINATURA DE CONVENIO PODE SOLICITARSE POR MAIL PARA ACHEGAR O MESMO PREPARADO PARA SINATURA.**

**14.- Pode descargarse información básica e o convenio e anexos na páxina web da Agasp, <https://agasp.xunta.gal/es> no apartado "DESTACADOS".**

**17.- TELÉFONO INFORMACIÓN: [886-206117](tel:886-206117).**

**15.- MAIL DE CONSULTAS: [formacion.agasp@xunta.gal](mailto:formacion.agasp@xunta.gal)**